

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.




<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2014

DENDE A
BIBLIOTECA
“PAULA
CARBALLEIRA”



MAMASES, PAPASES, AVOAS,
AVÓS, PROF@S e demais adult@s:

PENSANDO
“NESA”
CARTA ...

...que tod@s
desexades escribir ...

...e anque algún di que a
crise é historia, déixate
de historias e, un ano
máis, ORGANÍZATE para
ser pedichón ou

pedichona!!!. Fala coa
familia e amizades e poñédevos de acordo para
pedir títulos distintos. E anque non entredes a
mercado, acompañade nestas datas ás vosas
fillas e fillos, net@s, sobriñ@s, a algunha
librería, a mirar libros, deixarlles escoller,
aconsellar@s, animal@s a pedir algún. A lectura
é sempre beneficiosa. E se é compartida con
quen máis lles quere, multiplica os seus
efectos!!!


MAMASES, PAPASES, AVOAS, AVÓS, PROF@s
e demais adult@s:



- **Ofrenda á tormenta-**
D.Redondo-Xerais (en e-
pub e papel): Pecha a triloxía
desta novela negra coa
aparente morte súbita dunha
bebé. Cando o pai tenta
roubar o cadavre, as
sospeitas da avoa levarán á
inspectora Amaia a tratar de
resolver o caso, que se complica coa morte
do pai no cárcere.



- **Instrucións para tomar
café-M.Núñez Singala-**
Galaxia: Non só de
instrucións, libro tamén de
contos, de reclamacións e
de estilo nestes relatos de
retranca total.



- **Zapatillas rotas -**



X.Quiroga-Xerais: Un
anción e un home novo en
paro percorren xuntos
lembranzas dun pasado
moi duro. Paralelamente,
outras historias ocorren
na residencia de onde
desapareceu o anción,
orgaizando a súa busca.

- **A boneta de Blanco**
Amor-Mª.X.Queizán-
Galaxia: A esmorga, de
actualidade pola película-
que non se pode deixar de
ver-é a base desta
novela, protagonizada
pola boneca do dono do
pazo, chegada dende
Chile.



- **Vinte en escena-Rosalía**
Fdez.Rial-Positivas: Versos
que visibilizan aquelas
persoas empobrecidas que a
sociedade de consumo
pretende ocultar.

- **O Bichero**



IV-Davila: Se non
coñeces as tiras
deste autor, non
podes perderte esta
recopilación. Sorriso
asegurado a pesar da crúa actualidade
que refrexan

- **Bateas no Mississippi-Blues do**
país: Soul e blues
cargadiños de
retranca...do país. É
posible que remates por
cantar algunha no
coche.



- **Calendario 2015-**
J.Suárez-Xerais: Texto
d@s nos@s escritor@s
acompañan as fotos da
colección Mariñeiros
deste fotógrafo. Un
agasallo para todo o ano.

